

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “FRANCISCO MAYÁN”

BASES “XXXIII CONCURSO ACHEGAMENTO Ó LIBRO”

Coa finalidade de animar aos escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e, así mesmo, propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciable de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán” e a Delegación de Deportes, Cultura, Festexos e Turismo do Concello de Cee convocan un ano máis o Concurso Literario de “Achegamento ó Libro”.

1.- Poderán participar todos os alumnos de Educación Primaria.

2.- O tema estará relacionado co achegamento ó libro, buscando sempre fomentar o hábito da lectura da poboación.

3.- Os traballos serán orixinais, inéditos e cunha extensión máxima de dous folios por unha cara.

4.- Os relatos deberán estar escritos en lingua galega.

5.- Os traballos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cee, sito no 1º andar da Casa do Concello (Rúa Domingo A. de Andrade, s/n) en horario de mañá de luns a venres de 9.30-13.30 horas, ou tamén se poden enviar por correo ordinario, antes de que remate o prazo fixado como o último día para a presentación dos traballos, ao Concello de Cee. Rúa Domingo A. de Andrade, s/n. 15270 - Cee (A Coruña), facendo constar: “Para o XXXIII Concurso Achegamento ó Libro”, título da obra, pseudónimo e curso do participante.

No caso da entrega física no Rexistro Xeral, ésta poderá facerse de forma individual ou por aula en sobre pechado, figurando no seu exterior a mención “XXXIII Concurso Achegamento ó Libro”, o título da obra, pseudónimo e o curso do participante. No seu interior, achegarase un sobre pequeno, tamén pechado, onde figuren os datos do autor/a (nome, apelidos, idade, título da obra, centro de estudos, curso, enderezo e teléfono de contacto) e o **ANEXO I** debidamente cuberto. Así mesmo, no caso de entregar os traballos por aula, débese deixar no Rexistro Xeral do Concello unha lista co nome dos/as alumnos/as participantes, xunto co nome do colexio, curso e nome co número do DNI da persoa que fai entrega do sobre cos traballos. O xurado poderá eliminar por defecto de forma as obras presentadas que non se axusten ao disposto nesta base, unha vez requirida a documentación que falte e dado o preceptivo prazo de dez días para a corrección de erros (art. 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

6.- O prazo de admisión das obras comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e rematará o día **12 de abril** (incluído). As bases publicaranse no BOP, taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do concello: www.cee.gal

7.- O xurado estará formado por: Presidente: técnico da Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”; Vogais: o responsable das Axencias de Lectura de Ameixenda e Brens, o

técnico de Deportes do Concello de Cee e como secretario, o técnico de Cultura do Concello de Cee ou persoas en quen deleguen. O fallo será dado a coñecer a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin. O xurado poderá declarar desertos algún ou todos os premios motivando para elo a súa resolución (art. 35 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

8.- Establécense tres premios, con cargo á partida 330/481.00 para premios e subvencións, correspondente ao orzamento xeral do Concello para o ano 2024, dotados con :

- 100 EUROS para o gañador de 1º e 2º de primaria.
- 100 EUROS para o gañador de 3º e 4º de primaria e 100 EUROS para o gañador de 5º e 6º de primaria.

Todos eles en lotes compostos de diverso material didáctico e libros. Para recibir o premio, o ganador/a estará acompañado polo seu pai, nai ou titor.

9.- Para o seu veredicto, o xurado terá en conta a creatividade (ata 5 puntos), orixinalidade (ata 3 puntos) e mensaxe (ata 2 puntos) dos traballos presentados.

10.- Os autores dos traballos participantes e premiados cederán os orixinais gratuitamente, que quedarán en poder da Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”, que se reserva os dereitos de explotación do traballo, produción, distribución, exposición, transformación ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro. A cesión para a súa publicación en soporte informático o electrónico enténdese sen límite temporal, de conformidade co disposto nas leis, e inclúe a publicación no sitio web oficial do Concello de Cee

11.- De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), os datos dos participantes incorporaranse ó ficheiro da biblioteca Francisco Mayán do cal é responsable o Concello de Cee. Os datos persoais serán utilizados unicamente para a avaliación do traballo e para a organización, xestión e resolución do premio “XXXIII Concurso de Achegamento ó libro”. Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido a dito órgano na seguinte dirección: Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña), mediante instancia presentada ante o Rexistro Xeral, achegando fotocopia do DNI ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal/sxc/es/>

12.- Os concursantes, polo feito da súa participación, aceptan en todos os seus termos as presentes bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado.

⇒ **INFORMACIÓN ADICIONAL – PROTECCIÓN DE DATOS.**

O Responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Cee con CIF: P1502300E e enderezo postal na rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) A finalidade

do tratamento dos datos solicitados a través do formulario, así como outra documentación que poida ser achegada, será tratada coa finalidade de xestionar a inscrición nos concursos da Biblioteca Francisco Mayán e a posterior entrega de premios. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. A base legal para o tratamento dos datos facilitados está baseada no artigo 6.1.e) do RXPd: o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos dos premiados nas categorías que inclúen prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control. Así mesmo, coa finalidade de divulgar o concurso, procederase á difusión de imaxes (fotografías/vídeos) dos participantes e gañadores a través de perfís de redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram e Youtube), así como a web municipal do Concello de Cee. No caso das fotografías dos menores, a base de licitude estará baseada no art. 6.1 a) o consentimento expreso dos seus proxenitores ou titores legais. No resto dos participantes, o consentimento para o tratamento de fotografías dos participantes enténdese outorgado pola solicitude de participación no mesmo, o que comporta a achega de datos necesarios. Así, é posible entender que quen pousa voluntariamente para unha fotografía, está a outorgar implicitamente o seu consentimento ao tratamento que se efectúe da súa imaxe. A publicación en Facebook, Twitter, Instagram e Youtube conleva realizar transferencias internacionais de datos. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Cee, co enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal> . Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/> Se no exercicio dos seus dereitos non foi debidamente atendido, poderá presentar unha reclamación ante a AEPD con enderezo en : C/Jorge Juan, 6 - 28001 MADRID e sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>

En Cee, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa

Margarita Lamela Louzán

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “FRANCISCO MAYÁN”

BASES “NA PROCURA DO NOSO XX MARCAPÁXINAS”

1.- Poderán participar todos os alumnos de Educación Primaria.

2.- O marcapáxinas estará relacionado cun motivo que nos achegue ó libro, buscando sempre fomentar o hábito da lectura entre a poboación.

3.- O traballo será orixinal e inédito.

4.- Os traballos presentaranse de forma individual ou por aula en sobre pechado, figurando no seu exterior a mención “XX Concurso Na Procura do Noso Marcapáxinas”, o título da obra, pseudónimo e o curso do participante. No seu interior achegarase un sobre pequeno, tamén pechado, onde figuren os datos do autor (nome, apelidos, idade, título da obra, centro de estudos, curso, enderezo e teléfono de contacto) e o **ANEXO I** debidamente cuberto. Así mesmo, no caso de entregar os traballos por aula, débese deixar no Rexistro Xeral do Concello unha lista co nome dos/as alumnos/as participantes, xunto co nome do colexio, curso e nome co número do DNI da persoa que fai entrega do sobre cos traballos. O xurado poderá eliminar por defecto de forma as obras presentadas que non se axusten ao disposto nesta base, unha vez requirida a documentación que falte e dado o preceptivo prazo de dez días para corrección de erros (art. 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

5.- Os traballos deberán entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Cee, sito no 1º andar da Casa do Concello (Rúa Domingo A. de Andrade, s/n) en horario de mañá de luns a venres de 9.30-13.30 horas, ou enviar por correo ordinario, antes de que remate o prazo fixado como o último día para a presentación dos traballos, ao Concello de Cee. Rúa Domingo A. de Andrade, s/n. 15270 - Cee (A Coruña), facendo constar: “Para o Concurso Na Procura do Noso XX Marcapáxinas”, título da obra, pseudónimo e curso do participante.

6.- O prazo de admisión das obras comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e rematará o día **12 de abril** (incluído). As bases publicaranse no BOP, taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do concello: www.cee.gal

7.- O xurado estará formado por: Presidente: técnico da Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”; Vogais: o responsable das Axencias de Lectura de Ameixenda e Brens, o técnico de Deportes do Concello de Cee e como secretario, o técnico de Cultura do Concello de Cee ou persoas en quen deleguen. O fallo será dado a coñecer a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin. O xurado poderá declarar desertos algún ou todos os premios, motivando para elo a súa resolución (art. 35 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

8.- Establécese un único premio de 100 EUROS, con cargo á partida 330/481.00 para premios e subvencións, correspondente ao orzamento xeral do Concello para o ano 2024, que

consiste nun lote composto de diverso material didáctico e libros. Para recibir o premio, o gañador/a estará acompañado polo seu pai, nai ou titor/a.

9.- Para o seu veredicto, o xurado terá en conta a creatividade (ata 5 puntos), orixinalidade (ata 3 puntos) e mensaxe (ata 2 puntos) dos traballos presentados.

10.- Os autores dos traballos participantes e premiados cederán os orixinais gratuitamente, que quedarán en poder da Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”, que se reserva os dereitos de explotación do traballo, produción, distribución, exposición, transformación ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro. A cesión para a súa publicación en soporte informático o electrónico enténdese sen límite temporal, de conformidade co disposto nas leis, e inclúe a publicación no sitio web oficial do Concello de Cee.

11.- De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), os datos dos participantes incorporaranse ó ficheiro da biblioteca Francisco Mayán do cal é responsable o Concello de Cee. Os datos persoais serán utilizados unicamente para a avaliación do traballo e para a organización, xestión e resolución do premio “Na Procura do Noso XX Marcapáxinas”. Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido a dito órgano na seguinte dirección: Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña), mediante instancia presentada ante o Rexistro Xeral, achegando fotocopia do DNI ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal/sxc/es/>.

12.- Os concursantes, polo feito da súa participación, aceptan en todos os seus termos as presentes bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado.

⇒ **INFORMACIÓN ADICIONAL – PROTECCIÓN DE DATOS.**

O Responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Cee con CIF: P1502300E e enderezo postal na rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) A finalidade do tratamento dos datos solicitados a través do formulario, así como outra documentación que poida ser achegada, será tratada coa finalidade de xestionar a inscrición no concurso de disfraces Entroido 2024 e a posterior entrega de premios. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. A base legal para o tratamento dos datos facilitados está baseada no artigo 6.1.e) do RXPd: o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos dos premiados nas categorías que inclúen prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control. Así

mesmo, coa finalidade de divulgar o concurso, procederase á difusión de imaxes (fotografías/vídeos) dos participantes e gañadores a través de perfís de redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram e Youtube), así como a web municipal do Concello de Cee. No caso das fotografías dos menores, a base de licitude estará baseada no art. 6.1 a) o consentimento expreso dos seus proxenitores ou titores legais. No resto dos participantes, o consentimento para o tratamento de fotografías dos participantes enténdese outorgado pola solicitude de participación no mesmo, o que comporta a achega de datos necesarios, tanto do participante como das persoas identificables que aparezan nas comparsas. Respecto destas, é posible entender que quen pousa voluntariamente para unha fotografía, está a outorgar implicitamente o seu consentimento ao tratamento que se efectúe da súa imaxe. A publicación en Facebook, Twitter, Instagram e Youtube conleva realizar transferencias internacionais de datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Cee, co enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal> . Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/> Se no exercicio dos seus dereitos non foi debidamente atendido, poderá presentar unha reclamación ante a AEPD con enderezo en : C/Jorge Juan, 6 - 28001 MADRID e sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>

En Cee, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa

Margarita Lamela Louzán

ANEXO I

Don/Dona

con DNI....., como pai/nai ou titor/a da alumna/o.....

....., do centro

.....

Enderezo (domicilio habitual) :

Teléfono:

Autoriza á persoa menor de idade a presentar no rexistro do Concello de Cee o seus traballos para a súa participación en calquera dos diferentes Concursos que organiza a Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”: XXXII Concurso de Achegamento ó Libro e Na Procura do Noso XIX Marcapáxinas.

En Cee, dede 2024

Asdo. O pai/nai ou titor/a

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, informásemoslle que o CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E e con enderezo en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento da Biblioteca Francisco Mayán ao cal vai dirixido a presente solicitude. A finalidade do tratamento é a xestión e outorgamento de premios nos diferentes concursos convocados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art.6 a) do RXPD : “Consentimento do interesado” e o art.6 e) : “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Cee co enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal>. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>

ANEXO DEREITOS DE IMAXE

AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO (INCLUÍNDO A CAPTACIÓN E PUBLICACIÓN) DE IMAXES DOS/AS MENORES PARA OS CONCURSOS DA BIBLIOTECA “FRANCISCO MAYÁN” E POSTERIOR ENTREGA DE PREMIOS

O dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución, regulado pola Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e, ao tratarse dun dato de carácter persoal, tamén se ve afectado pola normativa de protección de datos regulada polo REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016, Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais. En cumprimento da normativa antes citada, o Concello de Cee necesita dispoñer da autorización expresa das persoas que ostentan a representación legal (pais ou tutores) do menor para o tratamento da súa imaxe (fotografía e/o vídeo), e o seu nome e apelidos cando aparezan tanto individualmente como en grupo xunto con outros nenos/as participantes na actividade citada, é por iso polo que solicitamos o seu consentimento para o uso dos citados, coa FINALIDADE de:

- Xestionar a autorización para a captación e difusión das imaxes dos/as menores participantes do concurso.

- Promocionar as actividades organizadas DENTRO DOS CONCURSOS DA BIBLIOTECA.

Este material gráfico poderá ser publicado na páxina web do Concello de Cee e outros portais municipais, fotografías para xornais, revistas ou publicacións, cartelería ou folletos publicitarios, Redes Sociais do Concello e outras similares de carácter non comercial.

Coa firma do presente documento, os titulares da patria potestade ou tutela DECLARAN que son maiores de idade e ostentan a patria potestade, tutela, custodia e/o representación do legal dos menor/es de idade e CONSENTEN que o Concello de Cee realice os tratamentos anteriormente mencionados DAS IMAXES DO MENOR OU MENORES:

Representante legal 01:

D./Dña. _____ con

DNI _____

Representante legal 02

D./Dña. _____ con

DNI _____

O consentimento ao tratamento das imaxes na súa utilización, edición, emisión, reprodución, difusión e comunicación pública por calquera medio coa única condición respectará, en todo caso, o dereito á intimidade do menor e a súa propia imaxe, limitando aquelas utilizacións ou aplicacións que puidesen atentarse contra o dereito á honra nos termos previstos na Lei Orgánica 1/85, de 5 de Mayo, de Protección Civil de Dereito á Honra, a Intimidade persoal e familiar e á Propia Imaxe.

Segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), e a Lei Orgánica de Protec-

ción de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, 3/2018 do 5 de decembro, así como o estipulado na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á Honra, á Intimidade persoal e familiar e á Propia imaxe, o o CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E e con enderezo en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) é o Responsable do Tratamento. A autorización e licenza de uso da imaxe do Autorizante realizada neste acto refírese exclusivamente ás fotografías, vídeos ou calquera outro tipo de gravacións dixitais realizadas polo Concello de Cee, cos exclusivos fins anteriormente referenciados, polo que o Concello de Cee poderán facer uso das imaxes aos únicos efectos antes mencionados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada na obtención do seu consentimento, mediante a súa clara acción afirmativa neste presente documento, de acordo co artigo 6.1.a do RXP. O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A difusión de imaxes en prensa e RRSS suporá unha comunicación de datos a terceiros atendendo á natureza e funcionamento destes servizos e supoñendo unha transferencia internacional de datos. Así mesmo, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@cee.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Cee incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante.

E como proba de conformidade co contido do presente documento firman

Enade de 2024

Fdo.....

Fdo.....